



13521378265021226676

En contestación á petición de data 12 de abril en relación coa reunión mantida co Conselleiro de Medio Rural o pasado día 9, indicarlle que a cooperación coa consellería vímola mantendo desde hai tempo e nesa liña seguiremos, como fixemos este ano co convenio que permite aos concellos da provincia de Ourense contar con maquinaria municipal para as tarefas de prevención de incendios forestais, e con outra liña para a adquisición de maquinaria destinada aos concellos.

No relativo á prevención, remarcouse a importancia de seguir financiando conxuntamente a adquisición de tractores e rozadoras aos concellos, para que poidan realizar labores de limpeza de matogueira nos seus respectivos territorios. Grazas a iso, fomentouse o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais de titularidade municipal e nas masas comúns das concentracións parcelarias, así como a xestión da biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión en terreos de titularidade municipal ou descoñecida.

Na xuntanza abordamos a posibilidade de renovar o acordo que facilita que a Deputación realice, co seu propio parque de maquinaria, tarefas de prevención de lumes, tales como mantemento de pistas e camiños que atravesen as zonas de actuacións de xestión de biomasa.

Abordamos así mesmo a futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, actualmente en tramitación no Parlamento galego. Esta norma recolle o marco xeral para a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos e o fomento da súa recuperación, co fin de poñer a producir as terras arestora abandonadas e infrautilizadas e de aportarlle base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisan, promovendo a continuidade das explotacións e a boa xestión das terras que as conforman. Todo isto fará posible anticiparse aos lumes forestais e traballar pola recuperación demográfica e polo asentamento no rural.

Ourense, 23 de abril de 2021

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE..- Deputación Provincial de Ourense.